«Moitos fomos Balbinos, uns ninguén, nenos de aldea»

A autora ceense vén de gañar o premio Pura e Dora Vázquez da Deputación de Ourense coa obra «Encontros ás agachadas»

Concha Blanco ten editadas 33 obras, a maioría para mozos | J.M. CASAL

Eduardo Eiroa

CEE | A escritora Concha Blanco (Lires-Cee, 1950) acaba de obter o premio Pura e Dora Vázquez coa novela *Encontros ás agachadas*. A autora ceense xa fora finalista o ano pasado no mesmo certame e obtivo previamente outros galardóns, entre eles o de novelas por entregas de La Voz de Galicia en el 2007. Tamén acadou recoñecementos como o segundo premio Barco de Vapor, o accésit no concurso nacional Lazarillo, o Frei Martín Sarmiento, o Arume de poesía e foi finalista tres veces no Merlín.

—¿Como é «Encontros ás agachadas»?

—É unha novela na que Daniel, un neno galego, atópase con Kano 3, unha rapaza extraterrestre que chega dun planeta máis avanzado. Intento que o lector intúa que non sempre o máis avanzado é o mellor. Os dous personaxes atópanse por casualidade en Lires, onde eu nacín. Hai momentos de ironía no relato. O que intento amosar é que a familia é a familia, aínda que no planeta Glom, de onde ven Kano 3, hai máis liberdade que aquí. O libro ten un final aberto para que o lector poda pensar o que guste.

—O premio leva aparellada unha difusión importante.

—Vaina publicar a Deputación de Ourense, que enviará exemplares a todos os centros de ensino da provincia, a bibliotecas e asociacións culturais. Para min, o premio foi un pulo máis para seguir escribindo.

—Concha Blanco leva 33 libros publicados en solitario e outros moitos con outros autores. Algúns son obras de lectura obrigada nos colexios. ¿Non sinte unha carga de responsabilidade cada vez que escrebe?

—É certo, sabes que tes que xustificar un montón de cousas. Sentes unha responsabilidade porque os lectores son cada vez máis esixentes. O que le esixe que pague a pena, senón, pecha o libro. Pero realmente cando escribo penso na historia. É despois, cando releo, cando ao mellor doulle certos toques. Ademais, como docente, son máis crítica.

—Vostede é mestra. ¿Como comezou a escribir?

—Comecei sen pretender publicar. Editar en galego era algo que parecía inviable naquel momento. Os meus primeiros contos eran textos que utilizaba para traballar cos meus alumnos na escola de Dumbría onde daba clase. Tiña escolares galegofalantes e galegopensantes e non vían a lingua galega escrita en ningures. Quería que a valorasen, que lle desen a importancia que merecía como lingua, aínda que no estaba no ensino.

—E eses contos acabaron sendo libros.

—Tiña un compañeiro que se enterou do que estaba a facer. Pediume os contos, leunos, encantáronlle e preguntoume por que non os mandaba a unha editorial. Deume a risa. Pero escribinlle a O Castro. Contestáronme que non publicaban material de ensino. Ao final, un mes despois de recibir aquela carta, mandeilles os contos e publicáronos. Aquilo motivoume.

—E xa non parou.

—Levei un terceiro premio de O Facho, logo outro máis, e vin que era unha vía, a mellor, para pasalo ben no meu tempo libre: ler, escribir e viaxar. Son constante e tenaz, e por iso sigo a escribir e a participar en concursos. Non me desmotiva non gañar.

—Quen escriben para nenos tiveron que loitar durante moitos anos coa etiqueta de irmáns menores da literatura.

—Hai uns anos escribir para nenos parecía unha cousa tamén de nenos. Iso cambiou co tempo. Agora escribo tamén para adultos e é ao revés: hai que controlar moitísimas máis cousas para os nenos. Para eles non serve nin calquera estilo nin calquera vocabulario. Cos adultos déixaste levar, cos pequenos tes que coidar máis que a historia capte a atención e un montón de detalles.

—Non só tivo que loitar contra os prexuízos sobre a literatura infantil. Tamén seanimou a escribir en galego nun tempo en que non era doado.

—Descubrín a problemática da lingua de maior, antes non era consciente das diferenzas sociais, dos caciques. *Memoria dun neno labrego* abriume os ollos. Moitos fomos Balbinos, uns ninguén, nenos de aldea. No tocante á valoración da lingua gañamos moito, xa non hai eses prexuízos, pero aínda queda moito por facer.

—Vostede regresa habitualmente nas súas obras ás paisaxes da Costa da Morte.

—Pero penso que é sempre por comodidade. Coñézoa e teño sempre máis detalles. Aínda que tamén aproveito ás viaxes que fago como materia nos meus libros. De todos modos ao principio non foi doado, houbo unha época na que me tildaban de localista. Ás veces cambiáballe o nome real ao lugar e poñía outro inventado e non había problema. Era ridículo.

—Se fose París, ou Londres.

—Seguro. Agora iso xa non pasa. Semella que se están a romper tabús. Pode que agora haxa menos autoodio. A ver se sacamos de diante o complexo de inferioridade e imos co que temos. Ao mellor a túa terra valorábana noutros sitios e aquí non. O localismo non é pexorativo. Avanzando así é a forma de facer patria. Cando un alumno meu de ESO ve o nome de Fisterra nun libro, dálle importancia, gústalle, e sorpréndese.

—Ademais de novelas, Concha Blanco tamén escribe poesía e xa foi recoñecida con importantes premios.

—O libro de poesía *Cantos da rula*, que editou O Castro e gañou o premio Arume. Son versos nos que o que menos me importa é a rima. Tento amosar que calquera cousa pode ser motivo dunha homenaxe, facer pensar e dedicarlle uns versos. Un bolígrafo ou o obxecto que sexa.

—¿E que ten en proxecto Concha Blanco?

—Acabo de comezar unha novela. Terá historias de amor e desamor e haberá un gato con forza na trama, pero aínda non podo contar máis porque non teño escollido nin o título. Iso, e a preparación dunha serie de actividades escolares.

Aprovecha las ventajas de ser suscriptor
Haz tu reserva llamando al 900 154 218 y consigue esta exclusiva colección por tan solo 22€
De lunes a viernes con La Voz de Galicia